

## Revisando a nosa arte

# Alberto Datas

**Casa das Campás**
Pontevedra
31 de maio de 2023 - 19:00 horas

40 anos coa cultura galega

40 ANIVERSARIO

«Bacon e Gorky sintetizaban dalgunha maneira a problemática que eu tiña formulada: a realidade dura e lacerante que arrastramos os hispanos nas nosas entrañas e, por outra parte, un desexo ou necesidade biolóxica de romper os lazos e ataduras para libremente expresar a interioridade da alma».
Alberto Datas

Xenio expresionista, Alberto Datas (A Coruña, 1935 - Madrid, 2007) foi considerado como un dos máis importantes e influentes representantes da plástica galega do último século.

Reflectiu na súa obra unha maneira de sentir, de pensar(se), sempre fiel a si mesmo, aos seus ritmos e aos seus tempos, que o achegaron á vangarda europea e aos movementos do expresionismo abstracto americano, sen bailar ao son de tendencias ou modas. Non obstante, influencias como Bacon, Gorky, Basquiat e Pollock preséntanse latentes nas súas obras e debuxan un artista que deconstruía o que vía ao seu redor, para construír a través da expresión máis primixenia. Figura independente e cun espírito investigador e rebelde, mantivo as súas linguaxes experimentais nas marxes, sempre fuxindo do imposto ou establecido e habitando en certos momentos a descontinuidade creativa. Con todo, a pesar desas luces e sombras que caracterizan a xenialidade, a súa figura é ineludible se falamos da gran renovación e revolución na arte galega nos anos oitenta, dende o miolo de Atlántica.

Nesta xornada, achegarémonos ao seu imaxinario e á súa vida, mais tamén a unha intensa traxectoria, chea de creatividade e de exposicións en todo o mundo, representando na súa obra a condición humana, a natureza e a crise da nosa civilización dende un imaxinario tan persoal como universal. Unha pintura permeable ao momento que lle tocou vivir, pois incorpora a colaxe e o graffiti á súa plástica, onde o xesto, a cor e a materia foron sempre protagonistas.

Imaxe da portada: Alberto Datas, *Sen título* (1979), 65x54 cm, óleo sobre tea. Colección de Arte Afundación

# Programa

19:00 horas
Presentación da xornada
**Manuel Quintana Martelo**, coordinador da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do Consello da Cultura Galega
**Paula Cabaleiro**, coordinadora da xornada e membro do CCG

19:10 horas
Mesa redonda: *Achegándonos á vida e obra de Alberto Datas, a través de olladas cómplices dende o comisariado, a historia da arte, a crítica e o mercado*

- **Marisa Marimón**, fundadora da galería Marisa Marimón en 1994, cuxo catálogo de artistas inclúe a Alberto Datas

- **Alberto Ruiz de Samaniego**, comisario e crítico de arte, doutor en Filosofía e profesor titular de Estética e Teoría das Artes da Universidade de Vigo. Director da Fundación Luís Seoane entre 2008 e 2011

- **Xavier Seoane**, escritor, profesor, conferenciante, articulista e xestor cultural, comisario da mostra *Alberto Datas (1935-2007)* na Fundación Luís Seoane (2009)

Modera: **Paula Cabaleiro**, coordinadora da xornada e membro do CCG

20:30 horas
Clausura da xornada

**Organiza**
Consello da Cultura Galega
Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)

**Colabora**
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra. Universidade de Vigo

**Coordina**
Paula Cabaleiro

**Lugar**
Casa das Campás
Rúa Don Filiberto, 9
36002 Pontevedra

**Asistencia**
A asistencia é libre e gratuíta ata completar a capacidade da sala.

**Máis información**
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

Organiza:

Consello da Cultura Galega

Colabora

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo